

PROVINCIA: **LUGO**MUNICIPIO: **GUITIRIZ**

- Egr N° 29/75

N° 50.000/47
N° Route: 4

ID: 583

CARPETA-FICHA DEL MONTE:" DE S^{TA} CRUZ "**COMUNIDAD PROPIETARIA**VECINOS DE S^{TA} CRUZ DE PARGA (P^a)**CLAVE DEL MONTE**

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	22	11.	1

**SUPERFICIE
HECTAREAS****751**

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES
EN MANO COMÚN
LUGO

En la ciudad de Lugo a 31 de julio de 1975, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "DE SANTA CRUZ" como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE SANTA CRUZ", expediente Nº 29/75, del ayuntamiento de Guitiriz, promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO.- Que con fecha 14 de enero de 1975, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación del expediente Nº 29/75, designando como Instructor al Vocal, D. Carlos Fraga Carreira, Notario.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se dictó providencia, por la que se da comienzo al expediente de clasificación del monte "DE SANTA CRUZ", poniendo por cabeza del mismo, comunicación del acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Guitiriz, para que aportara: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa al monte "DE SANTA CRUZ", de 751 has, sito en la parroquia de Santa Cruz de Parga; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "DE SANTA CRUZ"; c) Certificación del Acuerdo Municipal, relativo al Consorcio con la Administración Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se acordó recibir de la Administración Forestal, I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte "DE SANTA CRUZ", sito en la parroquia de Santa Cruz de Parga, figura incluido dentro del catálogo de los Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se dictó providencia, acordando la publicación de edicto en el B.O. de la provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento de Guitiriz, poniendo en conocimiento de todos los interesados en el monte "DE SANTA CRUZ" la incoación del expediente de clasificación, a fin de que pudiéran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses, publicación que se llevó a efecto en el B.O. de la provincia Nº 45, correspondiente al día 24 de febrero de 1975, y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento de Guitiriz, según certificación del Secretario del mismo, de 23 de abril de 1975.

RESULTANDO.- Que con fecha 31 de marzo de 1975, se recibió certificación interesada del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que se hace constar que el monte "DE SANTA CRUZ", sito en la parroquia de Santa Cruz de Parga, del ayuntamiento de Guitiriz, no afecta a ningún monte catalogado como de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente, se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vi tas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación:

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente de clasificación, el cual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente, en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos

10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 10 y 18 de su Reglamento. -

CONSIDERANDO - Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos y formalidades que establece el artículo 1º de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 1º del Reglamento, a saber: a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión, con independencia de su origen, en comunidad germánica o mano común; b) Que tal comunidad de vecinos, no esté constituida formalmente en entidad municipal,

CONSIDERANDO.- Que el monte "DE SANTA CRUZ", está perfectamente identificado, tanto por el ayuntamiento, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consensuado, así mismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, en el que unánimemente se consideran con derecho a los posibles beneficios sobre el monte "DE SANTA CRUZ", todos los vecinos de la parroquia de Santa Cruz de Parga, del ayuntamiento de Guitiriz.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del monte "DE SANTA CRUZ" en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria, regulada por el artículo 1959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión del día de la fecha, y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte "DE SANTA CRUZ", como se describe en el expediente 29/75, como monte vecinal en mano común, perteneciente en régimen de copropiedad germánica a los vecinos de la parroquia de Santa Cruz de Parga, del ayuntamiento de Guitiriz.

2º.- Que se remita certificación de la resolución firme de este Jurado al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte "DE SANTA CRUZ", a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30º del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

[Handwritten signatures and stamps:]
- Top left: *[Signature]*
- Top center: *[Signature]*
- Middle left: *[Signature]*
- Middle right: *[Signature]*
- Bottom left: *[Signature]*
- Bottom right: *[Signature]*
- Center: *[Signature]*
- Far right: *[Signature]*

Prov.*	Munic.*	Consueldad Prop.*	N. monte
LU	22	11	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia SANTA CRUZ DE PARGA están situados, en su gran mayoría, en la parte E. del término parroquial, limitando con el municipio de Villalba y la parroquia de Pígaro. Estan formados por lomas y laderas de suave pendiente que desde las fincas particulares inmediatas a los pueblos suben hacia el E. hasta la divisoria de aguas de Bustadelo y El Mirador, comprendiendo tambien parte de la ladera de bajada hacia el E., muy cerca de las fincas de la parroquia de Pígaro

El terreno es bastante accidentado, con suaves pendientes hacia el O. y algo más fuertes hacia el E., con altitudes comprendidas entre los 500 y 683 m.

El mejor acceso es la pista del Campamento Militar, enlazada con la carretera comarcal de Santa Marta de Ortigueira a la estación de Parga.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, la de todas las parcelas que figu-

Prov. *	Munic. *	Comunidad Pr. p. *	N.º monte
LU	22	11	1

Ref.º Índice

CLAVE DEL MONTE

3.2

ran en el plano de 1.2, es de 751 Has., obtenida mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3

LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N.- Términos y montes de la parroquia de Villar.

E.- Término municipal de Villalba y montes de la parroquia de Pígaro.

S.- Términos y montes de la parroquia de Roca.

O.- Términos de las parroquias de Trasparga y de El Salvador de Parña.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el término parroquial, comprendiendo los montes, las fincas particulares y los pueblos de la parroquia, puede describirse empezando por el extremo S.E. en Pico de Monte Redondo, donde concurren con este monte la parroquia de Pígaro, el municipio de Begonte y la parroquia de Roca. Dividiendo con esta última por la que de E.-O. subiendo por Fonte da Uz hasta Castelo, de donde cruza por Coton de Altamira hasta Ponte Boeiro. Desde aquí divide de S. a N. en un corto tramo con términos de la parroquia de Trasparga subiendo por el río Ponte Boeiro hasta

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	22	11	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.4

la confluencia con el Regueiro Fontenova, donde ya empieza a dividir con la parroquia del El Salvador de Parga subiendo de S. a N. por la loma de Buxeratos y por Penas Mouras y Serenas, por Pena do Salto llega a Laxe. Aquí entra por el N. el término de la parroquia de Vilares, con la que divide de O. a E. subiendo por Fonte Meao y Regueiro de Porto Castro a Pena de Mediodía y Penedo Ramalleira, ya en el límite con el municipio de Villalba. Con este sigue la mojonera en dirección S. E. por Penedo Grande y Pena do Loba hasta subir al alto de La Casa o el Mirador. Desde aquí empieza a dividir con la parroquia de Pígarra bajando a Curro Cazon y faldeando a media ladera de N. a S. hasta Pico de Monte Redondo donde se comenzó.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite de estos montes con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido zonas de monte que han sido parceladas. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.


Prov. ^a	Munic. ^a	Comunidad Prop. ^a	N. monte
LU	22	11	1

Ref. Índice

3.5

CLAVE DEL MONTE

Si estos montes fueran calificados como vecinales en mano común, sería necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los mismos criterios de tal calificación.



VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANUNCIO do 2 de xullo de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se comunican aos posibles titulares de dereitos e intereses os acordos adoptados por este xurado, relativos aos expedientes 76/80, 29/75, 103/80, 118/77, 44/79, 24/76 e 27/76.

Na sesión celebrada polo Xurado Provincial con do data 30 de xuño de 2015 figuran os acordos seguintes:

Monte Ribón (expediente 76/80), pertencente aos veciños dos lugares de Orán, Penamazada e Rioxoán, da parroquia de Valonga, do concello de Pol, clasificado polo Xurado con data do 15 de xuño de 1981. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 6 de novembro de 2014 tivo entrada escrito presentado por Ramiro Vázquez Gómez, como secretario da Xunta Reitora do monte, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 12 de maio de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Ribón, quedando o monte cunha superficie de 87,98 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte de Santa Cruz de Parga (expediente 29/75), pertencente aos veciños da parroquia de Santa Cruz de Parga, do concello de Guitiriz, clasificado polo Xurado con data do 31 de xullo de 1975. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 6 de agosto de 2014, tivo





entrada escrito presentado por Manuel Amil Carreira, como presidente da Xunta Reitora do monte, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 2 de marzo de 2015, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte de Santa Cruz de Parga, quedando o monte cunha superficie de 832,43 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte Serra e Picato (expediente 103/80), pertencente aos veciños da parroquia de Pol (agás Eirón), do concello de Pol, clasificado polo Xurado con data do 16 de novembro de 1981. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 8 de xaneiro de 2015, tivo entrada escrito presentado polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, como consecuencia do acordo da xunta local da concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol, celebrada o 18.12.2014, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 19 de xuño de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Serra e Picato, quedando o monte cunha superficie de 98,78 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte Artochos e Pedrizas (expediente 118/77), pertencente aos veciños da parroquia de Fanoi, do concello de Abadín, clasificado polo Xurado con data do 30 de outubro de 1978. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 15 de xuño de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Artochos e Pedrizas, como consecuencia de ter coñecemento, a Administración forestal, de que dentro do perímetro do esbozo aparecen incluídas parcelas que foron obxecto de concentración parcelaria





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servizo de Montes			
Plano de:		Monte: M.V.M.C. de Santa Cruz de Parga		Expediente: 29/75	
REVISIÓN DE ESBOZO DO PERÍMETRO DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE SANTA		Superficie posterior: 832,43 Ha		Pertenza: Veciños de Santa Cruz de Parga	
Escala: 1:25,000		Plano de situación posterior á revisión.		Municipio: Guitiriz	
 Liña de revisión		 Santa_Cruz_Revisado			
				O xefe de Área de Montes Veciñais Lugo, 2 de marzo de 2015  Santiago Fraga Sáenz	



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 6/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

Dña. Josefina Pereira de la Riera

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dña. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 18 de novembro de 2016, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 6/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **SANTA CRUZ (AMPLIACION)**, no concello de **GUITIRIZ**, iniciado por acordo do xurado do 30 de xuño de 2015, sendo vogal instructor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (17-9-2015), iníciase o expediente **6/2015 (a instancia de Manuel Amil Carreira, como presidente da xunta reitora do MVMC de Santa Cruz de Parga)** e ponse, como encabezamento, a certificación da acta da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: O día 17-9-2015 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 21-9-2015 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **SANTA CRUZ DE PARGA (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 22-9-2015 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Vilalba**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 5-10-2015 o rexistro da propiedade emite un certificado de que non figuran inscritos os bens inmobles aportados coa instancia agás unha parcela (44 do polígono 45), que figura como estremeira coa zona de ampliación.



SEXTO: O día 12-2-2016 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

SÉTIMO: O día 12-2-2016 comunícaselle ao **Concello de Guitiriz** a iniciación do expediente e envíase un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 12-2-2016 comunícase a iniciación do expediente a Manuel Amil Carreira, como solicitante da clasificación.

NOVENO: O día 12-2-2016 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Vilalba** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 15-2-2015 envíase un **EDICTO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) ca finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 25-2-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 38, páxina 7114, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **SANTA CRUZ DE PARGA (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO SEGUNDO: O día 29-2-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 51, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 7-3-2016 recíbese nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Vilalba da anotación preventiva solicitada.

DÉCIMO CUARTO: O día 13-4-2016 ten entrada un escrito do Concello de Guitiriz de alegacións mediante o que expoñen que a parcela 126 do polígono 46, que no Catastro figura *en investigación*, debería quedar excluída da clasificación ata determinar a titularidade real.

DÉCIMO QUINTO: O día 21-4-2016 solicítase á Xerencia Territorial do Catastro un informe sobre o estado de investigación da parcela 126 do polígono 46 e se o dito estado supón un obstáculo para a súa clasificación como MVMC.

DÉCIMO SEXTO: O día 26-5-2016 comunícaselle ao representante da comunidade de **Santa Cruz de Parga** o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **SANTA CRUZ DE PARGA (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO SÉTIMO: O día 20-6-2016 recíbese comunicación do vogal representante da comunidade de Santa Cruz na reunión do xurado. Resultou elixido Manuel Amil Carreira DNI 33830863W

DÉCIMO OITAVO: O día 27-6-2016 o xurado acorda ampliar o prazo de resolución por un ano máis, debido á falta do informe solicitado á Xerencia Territorial do Catastro.

DÉCIMO NOVENO: O día 15-9-2016 ten entrada un informe da Xerencia Territorial do Catastro respecto da parcela 126 del polígono 46 mediante o que comunican que a dita parcela tivo como titular ao Concello de Guitiriz ata o 9-1-2001, data na que pasou a titularidade do MVMC de Santa Cruz de Parga. Dende o 21-1-2013 figura en investigación debido a que está fóra da delimitación do monte e a dita situación non condiciona a clasificación do terreo como veciñal en man común.



VIGÉSIMO: O día 27-10-2016 comunicaselle á comunidade de **Santa Cruz de Parga** que poden elixir dous representantes que poderán asistir á reunión do xurado na que se resolva o expediente.

VIGÉSIMO PRIMEIRO: O día 4-11-2016 foi presentada a comunicación dos vogais representantes da comunidade de Santa Cruz de Parga na reunión do xurado. Resultaron elixidos: **Manuel Amil Carreira e Ramón López Pérez.**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:
 - Tendo en conta o informe emitido pola Xerencia Territorial do Catastro, a parcela 126 do polígono 46 (que o Concello considera que debe quedar fora do expediente mentres non se determine a súa titularidade) figurou entre o 09-01-2001 ao 21-01-2013, como titularidade do monte veciñal en man común de Santa Cruz de Parga, pero a circunstancia de modificar esta titularidade, constando **actualmente "en investigación"**, **débese unicamente a que ata agora estaba fora da delimitación do devandito monte.** Este feito non obsta á súa clasificación como MVMC, tal e como confirma o propio Catastro, e o **Concello de Guitiriz** ao marxe do expresado con respecto á titularidade catastral, **non alega** nin acredita ningún dereito de propiedade que poida amparar unha oposición a dita clasificación.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente e analizadas as alegacións presentadas, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha, e aceptar a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte de **SANTA CRUZ (AMPLIACION)** reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ao disposto no artigo 1 da devandita lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome:	SANTA CRUZ DE PARGA (AMPLIACIÓN)
Pertenza:	veciños/as da parroquia de SANTA CRUZ DE PARGA
Parroquia:	SANTA CRUZ DE PARGA
Concello:	GUITIRIZ
Superficie:	14,93 hectáreas

Estremas da zona de ampliación:



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Peza 1

Norte: polígono 46, parcela 9018 (pista)

Leste: Polígono 46, parcelas 383 e 376

Sur: Polígono 46, parcelas 104 e 102

Oeste: Polígono 46, parcela 101

Peza 2

Norte: Polígono 45, parcela 9012 (Rego Porto Moa)

Leste: Polígono 33, parcelas 212, 534, 535, 536, 537, 538, 390, 391, 392, 754, 395, 396, 397, 398, 399, 400, 401, 402, 403, 404, 405, 406, 9032 (camiño); polígono 45, parcela 57.

Sur: Polígono 45, parcelas 49, 47, 44

Oeste: Polígono 45, parcelas 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 94, 98, 99, 100, 101, 103, 104, 105, 108, 111, 112, 132

Peza 3

Norte: polígono 35, parcela 9005 (pista)

Leste: Polígono 35, parcelas 99, 100, 101

Sur: Polígono 41, parcela 9008 (pista)

Oeste: Polígono 35, parcelas 103, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 124 e 129

Peza 4

Norte: Polígono 41, parcela 9009

Leste: Polígono 36, parcela 197

Sur: Polígono 36, parcelas 70, 68, 69, 56, 55, 54, 53 e 49


Oeste: Polígono 36, parcelas 52 e 51


Tendo en conta esta ampliación e a revisión do esbozo, o MVMC de Santa Cruz conta cunha superficie de **847,36 hectáreas**.


Lugo, 18 de novembro de 2016



Four handwritten signatures in blue ink.










**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de:
**AMPLIACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO MONTE
VECINAL EN MAN COMÚN DE SANTA CRUZ DE**

Monte: **M.V.M.C. de Santa Cruz de Parga**
Expediente: **29/75**
Superficie previa: **832,43 Ha** Superficie ampliada: **14,93 Ha**
Pertenza: **Veciños de Santa Cruz de Parga**
Municipio: **Guitiriz**

Escala: **1:25,000**

Plano de situación previa e ampliación

 **SantaCruz_ampliación_clasificación**
 **Santa_Cruz_Revisado**



XUNTA DE GALICIA
SERVIZO DE MONTES
LUGO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O xefe de Área de Montes Veciñais
Lugo, 2 de marzo de 2015


Santiago Fraga Sáenz



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **10 de xuño de 2020**, figura o seguinte acordo:

Monte DE SANTA CRUZ (expediente 29/75), pertencente aos veciños da parroquia de SANTA CRUZ DE PARGA, monte DE ROCA (expediente 66/75), pertencente aos veciños da parroquia de ROCA e monte DE PÍGARA (expediente 65/75), pertencente aos veciños da parroquia de PÍGARA, todos no termo municipal de GUITIRIZ. O 03.02.2020 e o 04.02.2020, teñen entrada dous escritos achegando os acordos de deslindamento por avinza practicado entre a comunidade de Roca e Santa Cruz e entre Roca e Pígara, respectivamente, en canto ás liñas divisorias que separan os montes, aprobados mediante actos conciliatorios celebrados perante o Xulgado de Paz de Guitiriz; achegan acta do deslindamento, planos topográficos, actas de conciliación levantadas no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado dos devanditos deslindamentos ao Servizo de Montes, o 27.02.2020 emite un informe (núm. 2020/5), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia das avinzas, nos termos que se describen no dito informe. O monte DE ROCA queda cunha superficie de 212,4 hectáreas (tendo en conta a revisión do esbozo e a avinza con Baamonde), o monte DE SANTA CRUZ cunha superficie de 856,8 hectáreas e o monte DE PÍGARA, cunha superficie de 628 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, acorda aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.







**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de:
Deslindamento por avinza entre os montes de Roca
(exp 66/75), Santa Cruz (exp 29/75) e Pigara (exp
65/75).

Carpetas: 66/75_2020_5-29/75_2020_5-66/75_2020_7-65/75_2020_7

Monte: Roca
Pertenza: Parr. de Roca
Superficie previa: 208 Ha
Superficie posterior: 212,4 Ha
Municipio: Guitiriz

Monte: Santa Cruz
Pertenza: Parr. de Santa Cruz
Superficie previa: 347,36 Ha
Superficie posterior: 356,8 Ha
Municipio: Guitiriz

Monte: Pigara
Pertenza: Parr. de Pigara
Superficie previa: 628,9 Ha
Superficie posterior: 628 Ha
Municipio: Guitiriz

Escala: 1:30.000

Plano 5. Montes posteriores á avinza

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

 Roca_posterior

 Pigara_posterior

 SantaCruz_posterior



Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

Miguel Angel Cela González

O xefe de Área
Lugo, 26 de febreiro de 2020


Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **17 de marzo de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Santa Cruz** (exp. 29/75-6/2015), pertencentes aos veciños da parroquia de Santa Cruz de Parga (**Guitiriz**); MVMC **Pena do Lobo e Cotón** (exp. 126/79), pertencente aos veciños da parroquia de Soaxe (**Vilalba**); e MVMC **Pena do Lobo** (exp. 132/79), pertencente aos veciños de Escuadra de Penarredonda, parroquia de Belesar (**Vilalba**).

O 18.8.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as citadas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 11.10.2022, o Servizo de Montes emite un informe (**2022_47**) no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- MVMC **Santa Cruz**: 858,79 hectáreas
- MVMC **Pena do Lobo e Cotón**: 155 hectáreas
- MVMC **Pena do Lobo**: 197 hectáreas

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.
Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MANUEL
Cargo: Xefe Servizo
Data e hora: 11/10/2022 21:07:19
Motivo: Visto e prace

Asinado por: VILLAVEDE VIEITES, SONIA
Cargo: Xefe Sección Topografía
Data e hora: 11/10/2022 12:57:58

CVE: 2LFwMEFca21
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Plano de:
Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común "Santa Cruz" (exp 29/75_6/2015), "Pena do Lobo e Cotón" (exp. 126/79) e "Pena do Lobo" (exp 132/79)
Carpeta 2022_47

Monte: Santa Cruz
Pertenza: Santa Cruz de Parga
Concello: Guitiriz
Superficie previa: 856,80 ha
Superficie posterior: 858,79 ha

Monte: Pena do Lobo e Cotón
Pertenza: Veciños de Soaxe
Concello: Vilalba
Superficie previa: 225 ha
Superficie posterior: 155 ha

Monte: Pena do Lobo
Pertenza: Escuadra de Penarredonda
Concello: Vilalba
Superficie previa: 139 ha
Superficie posterior: 197 ha

Escala: 1:25.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR
AO DESLINDE

- Penarredonda_post
- Soaxe_post
- Santa_Cruz_post

Visto e prace
O xefe do Servizo de Montes

Manuel González Fernández

A enxeñeira técnica en topografía
Lugo, 10 de outubro de 2022

Sonia Villaverde Vieites

ETRS89-UTM 29N

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **4.6.2024**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Pígara** (exp. 65/75), pertencente aos veciños da parroquia de Pígara; e MVMC **Santa Cruz** (exp. 29/75-6/2015), pertencente aos veciños da parroquia de Santa Cruz. Ambos no concello de **Guitiriz**.

O 21.3.2024 tivo entrada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as anteditas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Tras serlles requirido, o 12.4.2024 a solicitude foi emendada. Entre a documentación aportada consta a acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 6.5.2024, o Servizo de Montes emite un informe (nº **2024_13**) no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- MVMC **Pígara**: 651,96 hectáreas.
- MVMC **Santa Cruz**: 826,84 hectáreas

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
Mª Olga Iglesias Fontal







CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de: Deslindamento por avizna entre os montes veciñais en man común "de Santa Cruz" (exp 29/75-6/2015) e "de Pigara" (exp 65/75)	Monte: de Santa Cruz Pertenza: Santa Cruz de Parga Concello: Guitiriz Superficie previa: 858,79 ha Superficie posterior: 826,84 ha	Monte: de Pigara Pertenza: Pigara Concello: Guitiriz Superficie previa: 620 ha Superficie posterior: 651,96 ha
Escala: 1:30.000	PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDAMENTO	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes
29/75-6/2015 Santa_Cruz_posterior 65/75 Pigara_posterior		O enxeñeiro técnico forestal Lugo, 6 de maio de 2024
		Manuel González Fernández
		Moisés Cervera Burgos

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30.10.2024**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Santa Cruz** (exp. 29/75), pertencente aos veciños da parroquia de Santa Cruz de Parga (**Guitiriz**); e MVMC **Carballosa, Monte Redondo e Campo de Vilaflores, Costa de Rañal, Cobas e Ribeiras** (exp. 9/77), pertencente aos veciños da parroquia de Pacios (**Begonte**).

O 21.3.2024, as anteditas comunidades presentaron, respectivamente, as solicitudes relativas ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre elas, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Procedemento con número de expediente **2024_14**.

O 5.8.2024, o Servizo de Montes emite un informe no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- MVMC **Santa Cruz**: 828,33 hectáreas.
- MVMC **Carballosa, Monte Redondo e Campo de Vilaflores, Costa de Rañal, Cobas e Ribeiras**: 545,16 hectáreas.

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Para que conste, para a súa remisión á **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da acta da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de: Deslindamento por avinza entre os montes veciñais en man común "de Santa Cruz" (exp 29/75-6/2015) e "Carballosa, Monte Redondo e Campo de Vilaflores, Costa de Rañal, Cobas e Ribeiras" (exp 9/77-11/2017) <i>Carpeta 2024_14</i>	Monte: de Santa Cruz Pertenza: Santa Cruz de Parga Concello: Guitiriz Superficie previa: 826,84 ha Superficie posterior: 828,33 ha	Monte: Carballosa, Monte Redondo e Campo de Vilaflores, Costa de Rañal, Cobas e Ribeiras Pertenza: Pacios Concello: Begonte Superficie previa: 546,67 ha Superficie posterior: 545,16 ha
---	---	---

Escala: 1:30.000	PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDAMENTO	Vista e prace O xefe do Servizo de Montes asinado dixitalmente Manuel González Fernández	O enxeñeiro técnico forestal asinado dixitalmente Moisés Cervera Burgos
------------------	---	---	---

 9/77-11/2017 Pacios_posterior

 29/75-6/2015 Santa_Cruz_posterior